

SOLICITUDE DE PLENO EXTRAORDINARIO DA CORPORACIÓN

Motivación

Os pasados días 15 e 16 de outubro do presente ano a nosa cidade viviu unha situación de extraordinaria gravidade froito dos incendios forestais que afectaron á nosa comarca con grave risco para persoas e bens materiais.

Dende o mesmo momento da catástrofe medioambiental vivida o Grupo Municipal do Partido Popular solicitoulle ao alcalde a convocatoria pola súa parte dun Pleno Extraordinario onde os vigueses puidesen coñecer as medida adoptadas durante os incendios, así como ter unha avaliación real dos danos producidos, sen que ata o día de hoxe o alcalde fose quen de convocar o devandito Pleno.

Polo tanto, dez días despois deses lamentables incendios, carecemos en Vigo da mais elemental información acerca da xestión da emerxencia levada a cabo por parte do goberno municipal así como da avaliación de danos causada polos lumes.

Polo anteriormente exposto, ao amparo do disposto artigo 46 2.a da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local e no artigo 44 do Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo os sete concelleiros integrantes do Grupo Municipal do Partido Popular, abaixo firmantes, solicitan ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a convocatoria dun Pleno Extraordinario da Corporación Municipal de Vigo coa seguinte proposta de orde do día:

Primeiro.- Dar conta das actuacións levadas a cabo polo Goberno Municipal na extinción dos incendios, medidas de emerxencia postas en marcha e recursos municipais activados os pasados días 15 e 16 de outubro.

Segundo. – Dar conta da avaliación de danos que teña realizado o goberno municipal de cara á solicitude de declaración de zona catastrófica.


E coa seguinte proposta de acordo:

“Aprobar a creación dunha Comisión Especial integrada polo goberno, grupos políticos con representación no Concello, técnicos municipais, policía e protección civil para revisar os protocolos de actuación e actualizar o Plan de Emerxencias Municipal (PEMU) tal e como se acordou polo Pleno da Corporación no ano 2014”

En Vigo, a 26 de outubro de 2017



Asdo. Elena Muñoz Fonteriz



Asdo. Diego Gago Bugarín



POPULARES
de Vigo

Asdo. José Manuel Figueroa Vila

Asdo. Ángel Piñeiro López

Asdo. Elena González Sánchez

Asdo. Miguel Fidalgo Iglesias

Asdo. Teresa Egeique Mosquera